Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Xogo] A buraquiña

Este xogo practicábase no Bierzo no século XIX, segundo nos conta **Antonio Fernández y Morales** en *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), e é propio do outono, cando as castañas están listas para comer e tamén para xogar.

Di o autor berciano nun poema dedicado precisamente a describir como se celebraban os magostos: *Mentres tanto xuntos todos os rapaciños d'o pueblo divirtense á buraquiña á cocha i outros enredos.*

E nunha nota ao pé o mesmo autor explícanos que se trata dun xogo do país (moi parecido ao das bólas ou *canicas*) que consiste en que cada xogador tira, unha a unha, un número igual de castañas desde un punto determinado a un buraco que fan no chan.

As castañas que acertan a meter no buraco, recóllenas, deixando as que quedaron por fóra no sitio onde están. En tirando todos a primeira vez, o que deixou a castaña máis próxima ao buraco trata de arrolala en dirección co primeiro dedo da man dereita; se consigue metela no buraco, garda a castaña e sigue xogando coa seguinte castaña que estea máis próxima ao buraco. Se falla, é o rival o que o intenta.

Gaña quen consiga recuperar mais castañas; ou sexa o que máis castañas emboca no buraco.

BIBLIOGRAFÍA

Fernández y Morales, Antonio. *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, Viuda e Hijos de Miñón. León: 1861.